

Primeira Parte

1

O nacemento de Chinto resultou complicado. Irrompera, sen présas, na pouco acolledora realidade, desde o cómodo refuxio do ventre materno, bañado coa cor violeta dos solpores que se contemplaban acotío desde o vilar de Outeiro. Entrou no mundo sen o ánimo necesario para abandonar a cova un atardecer en que a brétema se entretaña en tragar devagariño a perfecta laranxa do sol. O silencio da natureza vírase alterado polos estridentes berros do pequeno, que perforaban coma andoriñas o aire e parecían pór de manifesto o irreparable desgusto que lle provocara a brusca e inesperada irrupción nun mundo estraño. Cando cesou nos choros, elevouse da aira un inhabitual balbordo de histéricos estornións. Desde ese preciso momento, Chinto comezaría un período de absoluto silencio que se prolongou durante catro anos. Unicamente algún que outro apagado “au” saía dos seus labios para indicar que tiña fame, que o agobiaban os gases ou que lle doían os dentes.

Rosalía, a primeiriza nai, demostraba unha comprensión exacta do que lle rondaba pola cabeza ao neniño, efecto palpable da complicidade que os unía nas novidosas sensacións que ambos os dous experimentaban: el, de sorpresa ante todo; ela, de maxia, na relación que a unía a un ser que formara parte do seu corpo e que seguía sentindo dentro de si. Non pretendía encontrar expli-

cación á contradición evidente entre o sentimento irracional de que o neno formaba parte dela e, ao tempo, gozaba dunha existencia exterior. Negábase a admitir que o novo ser viña de enceptar o longo, natural, imparabile, camiño de afastamento do porto que o acollera.

Rosalía asumía con indisimulado orgullo as peculiaridades do “seu” fillo. Por fin contactara cun ser que a entendía de xeito natural, sen necesidade de complicados razoamentos, e a quen ela comprendía absolutamente, sen necesidade de palabras. O novo sentimento de maternidade era tan absorbente que Rosalía habitaba o interior dunha densa nube que filtraba a realidade, oculta pola inconsistencia vaporosa do recíproco elo de unión co rapaciño.

Á mañá seguinte, Ovidio, o novo e feliz pai, contemplaba o ascenso reptante do sol agatuñando polos montes. A longa noite desembocara nun abrente de luz brillante a destrozar, con dedos de lume, a brétema. Pensaba no estraño tumulto dos paxaros, no balbordo aprobador, como de aplausos, en que cría ver un sinal do destino que agardaba ao neno, sen ser capaz, porén, de saber a ciencia certa que sucesión de maravillosos acontecementos marcaría, con particular ritmo, a andaina vital de Chinto. Afírmouse na idea de que o rapaz levaría o nome do bisavó: Xacinto.

O bisavó fora coñecido en toda a bisbarra, e aínda o era pasados tantos anos da súa partida, por Chinto, aínda que, cando non estaba presente, para todos era “o gato”. Dábanselle moi ben as mulleres, desde novo. Dicíase que tiña un atractivo especial, non se sabe se por causa das agradables faccións ou ben polo falar suave, que engaiolaba ao momento ás mozas, desexosas de apreixar o indefinible encanto sonoro e visual. Os amores de “o gato” eran o tema favorito nas conversas arredor da lareira, no bar do Xaime, na botica ou nas demoradas charlas entre viciños que se cruzaban nas idas ou retornos do traballo no campo. O alcume puxéranllo, non se sabe quen, por causa da extrema axilidade á hora de fuxir dos maridos cornudos, ou dos mozos enganados. A pesar disto, ou, nalgúns casos que non veñen a colación, talvez

por iso mesmo, era un home apreciado por todos, ou case. A causa que explicaba a insólita boa consideración, e que provocaba de inmediato simpatía, era a posesión dun corazón tan enorme que o facía estar sempre disposto a axudar aos demais sen pedir nada a cambio, cousa nada frecuente nun mundo campesiño en que os favores eran constante moeda de troco.

Abandonara Outeiro, deixando tras de si uns cantos nenos e nenas nas aldeas veciñas, tras unha tolena que lle propinara o Virxilio, o home da Felisa, muller de bandeira na bisbarra, malleira que o deixara ás portas da morte. O Virxilio, sospeitando da súa muller (como, por certo, facían a maior parte dos homes casados da comarca coas súas respectivas) deixara as vacas no prado ao coidado de Titán, un can probablemente máis intelixente do que o amo, e seguira a Felisa, agachándose ao axexo tras as xestas e os toxos, até chegaren ao penedo do curuto onde a agardaba “o gato”. Era un día de primavera, de raiolas entre nubes, de suave brisa morna, en fin, un día para o amor. Agardou Virxilio acubillado tras a follaxe, coa raiba a roerlle o peito, mentres contemplaba, baixo a viseira da rocha que producía acolledora sombra na herba mol, os labios a beixárense rudamente, ao tempo que as mans do Chinto procuraban, con movementos un tanto bruscos, erguer a saia. Naquela ocasión, “o gato” non conseguira ser o bastante áxil como para fuxir sen ser visto e apañara, xuntas, todas as pancadas que non recibira nos anos precedentes. Virxilio erguérao cunha man agarrándoo polos pelos para afastalo do corpo seminú da Felisa, quen, no preciso instante da separación, prorrrompeu nuns xemidos de pracer que aínda alteraron máis o estado de ánimo do vingador, xa de seu alterado. Tras o gozoso salaio ficou muda, sen ser capaz de articular palabra, contemplando absorta a somanta, oíndo impertérrita os insultos, sorrindo con esforzo ante as palabras con que Chinto pretendía aplacar a ira de Virxilio.

“O gato” marchara para o Brasil tras unha convalecencia de dúas semanas, deixando unha ducia de fillos e fillas non recoñecidos e unha muller, Amelia, embarazada legalmente dun neno

que el non vería medrar. Deixara tamén, nalgunha que outra moza casada, un recordo duradeiro en forma de bebé. Houbo maridos que admitiron a paternidade da nena ou do neno para evitar o escándalo, aínda que, de todos os xeitos, a verdadeira paternidade era difícil de ocultar: os fillos do “gato” eran doadamente recoñecibles polos preciosos ollos da cor do mel con que o pai rendía as mulleres aos seus pés.

Malia ter coñecemento da meirande parte das historias que circulaban pola bisbarra e que contradicían o seu xeito de pensar e actuar, Ovidio admiraba o avó. As cartas, que conservaba o seu pai nun caixón do armario anoadas cun cordello, enviadas desde o Brasil, acompañáranlo ao longo da lenta infancia, que transcorrera entre a admiración provocada polas aventuras do avó e a acrecentada admiración que o seu pai lle transmitía por aquel home que, a pesar de o ter maltratado, constituíase en modelo de ousadía e intelixencia natural (como case todos os homes da aldea apenas tiña estudos). Nas reunións familiares, rara era a ocasión en que non se relatara algunha situación comprometida do Chinto insistindo, con evidente admiración, en como a resolvera, poñendo nos seus labios frases inxeniosas que demostraban unha visión atinada e escéptica do mundo e daquelas pequenas cousas que para as persoas revisten unha importancia desmesurada, pero que el relativizaba colocándoas na súa xusta consideración. A familia ría coas ocorrencias do Chinto, en particular os homes, xa que as mulleres, especialmente a nai de Rosalía, María Eduarda, amosaban nos seus comentarios unha gran prevención e un evidente menosprezo ante as actividades dun home que non respectaba muller ningunha.

A pesar da oposición de Rosalía, que quería porlle o nome de Félix, como o seu pai xa falecido, Ovidio impuxo o seu parecer, aceptando, iso si, porlle de segundo nome o que ela desexaba con tanto afán. Rosalía conformouse aparentemente, inmersa na súa nube fóra da realidade. Mais a aceptación era perversa: elaborou de inmediato un plano secreto que a faría triunfar no seu propósito: chamaríalle acotío Félix, Felisiño. A súa tarefa de zapa

durou pouco, tres meses escasos. Pasado ese tempo, rendeuse ante a evidencia e reconeceu que a batalla estaba perdida, desde o momento en que tomou consciencia de que a familia e os viciños, temerosos das reconvencións malhumoradas do Ovidio, se referían sempre ao neno como Chinto. Esta primeira derrota prexaxiaba a vida allea dun ser que lle fuxía entre os dedos, un nenorapaz que escaparía do seu control e a quen non podería impór a súa forma de sentir. No fondo do corazón quedaríalle para sempre esa sensación de impotencia, de incapacidade para dirixir a vida de quen máis quería no mundo.

Rosalía pasaba por ser unha muller fermosísima, referencia de beleza en toda a comarca. Era alta, morena e de ollos cor de avelá. A súa presenza apoucaba aos homes, que ficaban sen saber que dicir. Ningún rapaz se atrevera a convidala a bailar cando, con catorce anos, acudira ao seu primeiro baile, acompañada doutras tres rapazas. Eran as festas polo San Cosme, o patrón de Outeiro, unha das escasas ocasións de relacionarse mozos e mozas.

Passaran seis anos sen coñecer home, até que Ovidio, un rapaz calado, que levaba mal a súa timidez, se cruzara con ela nos campóns e, nunha arroutada, comunicáalle que lle gustaba moito. Só iso, “gústasme moito”. Tras pronunciar a frase, ficara calado, coas cores a lle rubir polo rostro, agardando unha resposta que non chegou. Rosalía, transcorridos os silenciosos momentos de indecisión, seguiu camiño, co Ovidio parado véndoa alongarse. Ideas e sentimentos confusos revolvíanlle a cabeza nunha mestura de decepción e esperanzada espera. Rosalía detívose e virouse amodiño para dedicarlle un delicioso sorriso que o prometía todo. Así transcorreu o primeiro encontro, entre as concisas palabras de Ovidio, que querían expresar máis do que se pode expresar coa linguaxe, e o enigmático sorriso mudo de Rosalía, que transmitía, na súa inconsciente ambigüidade, unha promesa.

Ovidio era home de poucas palabras, e de poucos amigos. En realidade só tiña un: Daniel “do crego”, un rapaz fraco, tan parco coma el, con quen sostiña unha estraña amizade repleta de

silencios. Cando lle comunicara, por suposto con frases breves e entrecortadas, que se vía con Rosalía, o “do crego” respostara cun solitario monosílabo – “si?” – que sintetizaba a un tempo a incredulidade e a alegría, non exenta de envexa, que se mesturaban no seu pensamento. A Ovidio, que tiña total confianza no amigo, nin por un momento se lle pasou polos miolos que o “do crego” puidese referir a ninguén o segredo. De todos os xeitos, calquera precaución era pouca, por iso non volveu tocar o tema. A cautela era innecesaria: Daniel respectou a implícita encomenda de reserva, que ficaba, coma unha esencia, prendida entre as palabras de Ovidio.

Rosalía tiña, en moitos aspectos, un carácter contrario ao de Ovidio. Era afable e vivaz, sintonizaba facilmente coa charla irónica ou escéptica das viciñas. Cos homes apenas falaba, consciente de que lle fuxían mais sen saber por que. Sabíase atractiva e, malia non ser presuntuosa, presentábase a ollos dos homes cunha total seguridade en si mesma, na súa impactante presenza ou nos seus xestos comedidos por natureza. As palabras ou o ton irónico e cómplice a un tempo, facíao sentirse todo o contrario do que se sentía ela: inseguros, nerviosos e indefensos, como se de tímidos rapazolos se tratase.

A pesar das notorias diferenzas, en algo substancial coincidían Rosalía e Ovidio: os dous posuían unha natural seguridade en si mesmos, unha absoluta certeza das súas capacidades que tapaba totalmente as diferenzas de carácter. A Ovidio, a timidez non lle impedía ter crenzas firmes á hora de facer ou non facer calquera cousa que sometese a consideración. Movíase por arroutadas, tomando decisións bruscas e actuando ao momento. En todas as ocasións estaba convencido do que debía facer pero, á hora de dicilo, atopábase fronte á barreira insalvable da linguaxe, sen ser capaz de expresar os complexos pensamentos que construía na cabeza e que, ao comunicalos, se convertían en ideas simples, expresadas a miúdo por frases breves, mínimas. Quen o oíse falar pensaría que era un inxenuo. Equivocaríase de parte a parte.

Cando se encontraban a soas entre os piñeiros ou cabo do río, nas beiras frescas de hipnótico rumor, Rosalía falaba e falaba. Ovidio escoitaba ensimesmado aproveitando os pouco duradeiros espazos de tempo en que o aire ou a auga regresaban a un momento primeiro plano para intercalar tan só unha ou dúas palabras: “si” ou “levas razón”, coas que quería demostrar a súa incondicional adhesión aos pensamentos e sensacións expresados pola muller. Ovidio, home de ideas claras, que sabía o que debería facer en cada situación, entraba en conflito cunha Rosalía que lle daba voltas e máis voltas a calquera pensamento que partise dos demais. Este xeito de examinar os pros e os contras dos pensamentos dos outros non lle impedía decidir con certa axilidade que resposta dar en cada momento. Razoaba con tal rapidez que ninguén podería imaxinar as complicadas redes que o seu raciocinio tecía. A pesar da enorme velocidade con que procesaba o pensamento, perdía sempre uns segundos antes de contestar, como se tivese recibido un sinal acústico e reaccionase a destempo, cunha diferenza horaria de escasos segundos. Talvez esa fose a causa de que as amigas, ás súas costas, lle tivesen posto o alcume de “a telefonista”.

Sete semanas antes da voda, prevista nun principio para seis meses máis tarde e que tivera que se adiantar por causa de forza maior, Ovidio pensou que chegara o momento de ter con ela máis que palabras. Anceiaba o intercambio de desexos corporais que resumía mentalmente nunha exígua frase constituída por dúas solitarias palabras: “quero fodela”.

A proposta, en forma de pregunta, simplificou aínda máis o seu pensamento, que quedou reducido a unha única palabra, expresión exacta dos seus desexos:

–Fodemos?

Rosalía ficou muda durante algúns segundos, cun sorriso pícaro a debuxárselle na cara. Pasáronlle pola mente, a velocidade de vertixe, diferentes interpretacións complementarias do exíguo enunciado, ideas sinteticamente expresadas de serio desexo

de comunión física competindo en credibilidade con outras ideas, de diversión intranscendente, de pracer prohibido e, por outra parte, natural. Tamén ela desexaba apertar sen límites o corpo do Ovidio así que, ese mesmo día, baixo a sombra do penedo que contemplara a inconmensurable tunda do “gato”, Xacinto Félix foi concebido, nun acto de amor tan breve como a palabra que o puxera en marcha. Ovidio, conciso en todo, viviu a súa inaugural experiencia concentrada en escasos e intensos minutos, con manobras torpes e apresuradas. Rosalía, pola súa banda, abandonouse por vez primeira sen prestar atención a pros e contras, sen precaverse ante as consecuencias que aquel acto liberador podería depararlle no futuro.

Ovidio, no abrente posterior ao nacemento do fillo, acordaba ese outro sinal, o do penedo que acubillara no pasado os encontros amorosos do seu avó, que semellaba a premonición do comezo dunha nova vida que a rocha espallaba aos catro ventos. Para o avó Chinto, a procura de aventura lonxe da terra; para Ovidio, o comezo dunha vida distinta, compartida coa Rosalía e mais cos fillos que, tarde ou cedo, virían. Chegaron máis cedo que tarde. O embarazo apresurou os acontecementos. A voda celebrouse axiña, causando na aldea unha sorpresa descomunal. Os rapaces miraban con envexa para Ovidio, que conquistara a muller máis fermosa da comarca. Pasou a ser un home respectado e admirado por todos, homes e mulleres, novos e vellos.

Aos oito meses da celebración da voda, naceu Chinto na casa do vilar de Outeiro. A enorme casa de pedra dos pais de Ovidio, Ovidio “do gato” e Olga “da corredeira”, á que se trasladaran despois do casoiro, servía de refuxio non só aos avós e ao matrimonio, senón tamén a Alberte, con dezaseis anos cumpridos e a Concha, de trece, irmáns pequenos de Ovidio, ao Perón, can de palleiro de intelixencia demostrada, ás vacas “Marela” e “Rubia”, a dous porcos e a unha ducia escasa de galiñas. A avoa ocupábase da organización da casa, encargándose dos menores detalles. Desvívase por atender o neto, por controlar con man férrea a súa

educación. Combinaba ese interese desmesurado polo rapaciño cun trato exquisito á nora, que se rendía ante as garatuxas da sogra, non sen antes pensar os pros e contras, os porqués e porque nons da doada vida que levaba en casa dos “do gato”.

A avoa, Olga “da corredeira”, mantiña, cos seus corenta e dous anos sona de papahomes. Conservara o alcume que lle puxeran á nai pouco tempo despois de que se asentase na comarca. Nos escasos dous anos que a nai de Olga vivira na bisbarra, fixérase famosa polos continuos vorcallóns coa meirande parte dos homes das aldeas da zona en calquera camiño ou corredeira en que topase con eles. Olga fixera honra ao alcume até o punto de que había quen dicía que lle ía como anel ao dedo ou que, en verdade, a súa conduta respondía totalmente ao nome de guerra. Herdara, e talvez acrecentara, as cualidades da nai.

Ao home de Rosalía traspasáranlle o alcume da nai, quizais coa finalidade de diferencialo do pai, Ovidio “do gato”: o pai de Chinto era coñecido por Ovidio “da corredeira”, a pesar de que non lle interesaban para nada as mulleres, agás a Rosalía, o seu preciado tesouro.

Olga pasaba entre a xente da aldea polo equivalente masculino do sonado Chinto “o gato”. O seu comportamento vicioso era tolerado polas viciñas, que vían nela a solución ás continuas ganas de tratos amorosos con que os seus homes as agobiaban. Mais, a pesar da interesada tolerancia, aniñaban nos corazóns femininos insistentes sensacións desagradables de odio e de envexa que agromaban nos rostros das mulleres con que Olga se cruzaba.

Algo mudou para ela co nacemento do neto. Delegou o traballo de lindar as vacas en Alberte co fin de ter máis tempo para dedicarlle ao neninho. Apenas abandonaba a casa, reducindo o seu espazo vital á aira e mais aos catro ferrados do campeiro detrás da casa. Os homes que percorrían as corredeiras deixaron, dun día para o outro, de experimentaren a agradable sorpresa do encontro, moitas veces procurado con ansia, coa “da corredeira”.

Deberon pasar tres anos antes de que a natureza interior da nai de Ovidio se manifestase de novo en todo o seu esquecido esplendor.

Ovidio pretendía finxir ignorancia do animal comportamento da súa muller, pero non era tarefa fácil. Non se ousaba a dicirlle nada porque, aínda que se negase a recoñecelo, tíñalle medo. A “da corredeira” dominárao desde o comezo da súa relación, conquistárao cos seus equilibrios amorosos (era famosa por ser capaz de foder nas árbores, deitada entre dúas pólas), pola coidada organización do acto erótico ordenando e dominando sempre ao home, mandando nel con autoridade indiscutida, ordenando que se colocase de tal ou cal xeito para satisfacer os seus extremos anceios de pracenteiro equilibrio amoroso. Ao “do gato”, no primeiro encontro, fixérao tender boca arriba nas augas pouco profundas do regato antes de se deitar, decidida, a cubrir co seu corpo rexo e puxante o sexo desmedido de Ovidio. As habilidades de Olga como amante tapábanlle a boca ao home, que asistía encantado á realización do acto amoroso nos lugares máis inesperados ou nas posicións máis insólitas: debaixo da cama, no interior do enorme armario de castiñeiro, sentada no baúl que o Chinto enviara desde o Brasil ou co Ovidio, espido, subido nunha cadeira mentres ela se acomodaba na escada que subía ao faiado.

Entre os avós, os pais e os tíos transcorreron rápidos os primeiros anos de vida de Xacinto Félix, ou mellor diremos de Chinto, que pouco a pouco deixou de ser o Chintiño: sen poñérense de acordo, os que con el compartían a vida decidiron, sen intercambiar palabra, que o diminutivo cariñoso non lle acaía ben a un rapaz tan serio e pouco expresivo.

O día en que cumpriu catro anos rompeu a falar. Falaba sen parar como se levase os anos anteriores a matinar como expresar correctamente os pensamentos. Era un falar demasiado preciso para un neno da súa idade. A ninguén sorprenderon os reflexivos silencios máis ou menos prolongados antes de contestar ao que se lle preguntaba: herdárao da nai. Ovidio “da corredeira” quería crer que en todo o demais saíra ao pai.